



### **Veciñanza pediralle ao Goberno Municipal que retome o proxecto da Gardería Pública para Cuntis**

*A chegada de Núñez Feijóo ao Goberno da Xunta en 2009 paralizou o proxecto que xa existía para a construción dunha escola infantil (de 0 a 3 anos) da rede pública da Xunta. Daquela, o Concello de Cuntis xa lle cedera ao Goberno Galego unha parcela nas inmediacións do actual edificio do Centro de Día.*

Cuntis, 18 de abril de 2018. Veciñanza vén sostendo que un dos elementos imprescindibles para fixar poboación no rural é a implantación de servizos públicos de calidade. O caso de Cuntis é paradigmático, porque ademais das súas carencias nesta materia presenta unha poboación notablemente avellentada e en constante diminución. Veciñanza presentara fai varios meses un plan de fixación de poboación que facía **especial fincapé nas facilidades que cómpre implantar no referido á natalidade**. Agora, e **recollendo a suxestións de varios pais e nais en idades mozas**, ampliamos a esixencia e demandamos para o noso municipio **unha gardería pública da rede da Xunta de Galicia**.

A escaseza da oferta pública na nosa comarca obriga a moitos/as pais e nais de Cuntis acudir ao sector privado para poder facer realidade algo tan básico como é a conciliación a día de hoxe. Como é obvio, o número de prazas das gardarías privadas resulta limitado, polo que a oferta pública faise máis necesaria ca nunca. Foron varios os pais e nais que nas últimas semanas nos expuxeron esta situación, visibilizando unha necesidade clara que lle afecta á poboación do noso municipio, en especial á mocidade. Todas as forzas políticas coincidimos na necesidade de ofrecer as maiores facilidades posibles e as políticas máis adecuadas para fomentar as condicións que melloren a natalidade, e sen dúbida a oferta deste servizo melloraría notablemente estas condicións.

**No ano 2009 o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar contaba xa cun proxecto para a construción das instalacións nunha parcela que o Concello de Cuntis cedera previamente**, situada nas proximidades do actual Centro de Día. Aquel proxecto contemplaba unha superficie construída de máis 600 metros cadrados con cinco aulas, unha área de xogos e incluso unha pequena horta. Desgraciadamente, **a chegada á Xunta de Galicia do Partido Popular de Alberto Núñez Feijóo supuxo a paralización deste proxecto**.

**Veciñanza instará no próximo pleno mediante unha moción a que os demais grupos políticos se sumen a esta demanda e a que o Concello de Cuntis retome, coa Xunta de Galicia, o proxecto para a construción dunha escola infantil pública no noso municipio**. Veciñanza agarda contar co apoio do resto da Corporación e pediralle ao Grupo de Goberno que inicie os contactos coa Xunta a estes efectos.

